



concello de
agolada

Tel. 986 788 062/063
Fax. 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



DON ANTONIO CANDAL CARIDAD, SECRETARIO - INTERVENTOR DO CONCELLO DE AGOLADA (PONTEVEDRA),

CERTIFICO:

Que o día seis de abril de dous mil quince tivo lugar a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local conforme ó Acta que transcrita literalmente di:

SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DE DATA 6 DE ABRIL DE 2015.

Na Casa do Concello Agolada (Pontevedra), sendo as catorce horas do día seis de abril de dous mil quince, baixo a presidencia do Sr. Alcalde - Presidente, don Ramiro Varela Peón, e coa asistencia dos concelleiros: don Héctor Miguel Martínez Sanz, dona Yolanda Ferro Mourelle e dona Yolanda María Varela García; asistidos do Sr. Secretario da Corporación, don Antonio Candal Caridad, se celebra a sesión extraordinaria da Xunta de Goberno Local convocada para o día de hoxe, pasándose seguidamente o estudo dos asuntos incluídos na Orde do día, e adoptándose os acordos seguintes:

1.- ACTA ANTERIOR.-

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda prestar a súa aprobación ó borrador da Acta da sesión extraordinaria celebrada o día dezanove de marzo de dous mil quince.

2.- LICENCIAS DE OBRAS

Dáse conta do escrito número 330, de data 19 de marzo de 2015, suscrito por D. Ricardo Fidel Fernández Méndez, polo que se interesa a concesión da licenza municipal de obras para Construcción de balsa de auga consumo invernadoiro, sita na parcela 111 do poligono 504 na parroquia de Carmoega deste Concello. Visto o informe do técnico municipal de data 19 de marzo de 2015, que o fai no senso favorable a concesión da licenza que se pretende. A Xunta de Goberno Local, deixando a salvo o dereito de propiedade, sen prexuízo de terceiros e previo pago da cota do Imposto sobre Construcións, Instalacións e Obras, en votación ordinaria e por unanimidade, acorda **CONCEDER** a licenza de obras solicitada, debendo o interesado axustarse, na realización da obra, estrictamente ó solicitado.



concello de
agolada

Tel: 986 788 062 / 063
Fax: 986 788 190
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



22

3.- AMPLIACIÓN PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015. GASTO CORRENTE NOVO.

Informados do contido das Bases da Ampliación do Plan Provincial de obras e servizos 2015, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Solicitar, ó abeiro desta convocatoria, a inclusión no programa de gastos correntes que seguidamente se relacionan:

EMPRESA	CIF	CONCEPTO	IMPORTE
CIDE HCENERGIA, S.A.	A-74.255.282	SUMINISTRO ENERGIA ELECTRICA	15.000 €
SOGAMA	A-15.379.803	TRATAMENTO RESIDUOS SOLIDOS URBANOS	15.000 €

Segundo.- Solicitar para o seu financiamento unha subvención de 30.000 euros con cargo ó Ampliación do Plan Provincial de obras e servizos 2015.

4.- AMPLIACIÓN PLAN PROVINCIAL DE OBRAS E SERVIZOS 2015. INSTALACIÓNS E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES.

Informados do contido das Bases da Ampliación do Plan Provincial de obras e servizos 2015, a Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade adopta o seguinte acordo:

Primeiro.- Realizar o investimento denominado: **INSTALACIÓNS E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES.**

Segundo.- Aprobar a memoria técnica denominada: **INSTALACIÓNS E REVESTIMENTOS INTERIORES NO EDIFICIO DE USOS MULTIPLES.**

Terceiro.- Solicitar para a súa realización unha subvención por importe de 128.831, 53 euros con cargo a Ampliación do Plan Provincial de obras e servizos 2015.



concello de
agolada

Tel. 986 788 062/063
Fax. 986 788 100
concello@agolada.es
<http://www.agolada.es>



23

Cuarto.- Existe dispoñibilidade dos terreos precisos para a normal execución das obras, así como as licenzas, autorización e concesións administrativas necesarias para levalas a cabo.

5.- ESCRITOS E COMUNICACIÓNS

Visto o escrito número 343 de data 23 de marzo de 2015, suscrito por D. ROCIO BLANCO VÁZQUEZ, polo que se interesa a concesión dunha prorroga da licencia de obras para o arranxo de tellado e fendas en paredes exteriores dunha vivenda sita na C/ Joaquín Loriga, número 36 deste Concello, que lle foi concedida o día 9 de setembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda conceder a prorroga de seis meses na licencia de obras que ten concedida a interesada.

Visto o escrito número 327 de data 19 de marzo de 2015, suscrito por D. MANUEL BUJAN ASOREY, polo que se interesa a concesión dunha prorroga da licencia de obras para reposición de tellado dunha vivenda sita no lugar de Vilagrande, número 11, parroquia de Merlín deste Concello, que lle foi concedida o día 9 de setembro de 2014.

A Xunta de Goberno Local en votación ordinaria e por unanimidade acorda conceder a prorroga de seis meses na licencia de obras que ten concedida o interesado.

E non habendo máis asuntos que tratar, polo Sr. Alcalde - Presidente levántese a sesión, sendo as catorce horas e trinta minutos, asinando a presente acta e, eu como Secretario, certifico.

E para que conste e surta os efectos oportunos, expídese a presente, de orde e co visto bo do Sr. Alcalde - Presidente, en Agolada a seis de abril de dous mil quince.

Vº.Bº. O Alcalde,

O secretario,